

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 12 DE MAIO DE 2016**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 10:35 horas do luns día 12 de maio de 2016 coa seguinte orde do día:

1- Alegacións ós informes de acreditación provisionais das titulacións da Escola.

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

**ESTUDANTES**

Espasandín Lacalle	Raúl
Dacosta Tapia	Jorge
Rojo López	Gemma

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

**EXCUSAN**

Delgado Martín	Jordi
Martínez Abella	Fernando

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro. Está invitada a esta reunión a profesora Ana Vázquez, coordinadora do Máster en Enxeñaría da Auga.

**1. Alegacións ós informes de acreditación provisionais das titulacións da Escola.**

Comeza o Director explicando o desenvolvemento dos acontecementos e pide desculpas pola velocidade e prazos con que se tramitou todo. Explica e presenta os comentarios e propostas de cambios que varios profesores enviaron previamente á reunión.

Intervén o profesor Manuel Casteleiro, quen indica que non vai facer alegacións ós informes. Expresa que a redacción dos escritos é lamentable, facendo dubidar de que ningún académico revisara eses documentos. Continúa lendo unha carta na que indica que na súa opinión non se debería alegar ós informes remitidos pola ACSUG e que se deberían rexeitar de plano e solicitar a súa revisión.

Continúa o Director da Escola indicando que comparte o sentir da declaración do profesor Manuel Casteleiro. Sen embargo, na situación actual considera que se deberían presentar unhas alegacións, e que sería o curso correcto de actuación. Negarase a alegar en esta fase do proceso, xeraría un conflito institucional tanto coa UdC, como coa Axencia de Avaliación. O Director explica que se contactou coa ACSUG para indicar que este os informes estaban mal redactados e que eran contrarios ó informe oral que deu a Comisión que veu á Escola a realizar tal avaliación.

Intervén a continuación o estudante Raúl Espasandín, expresando a súa protesta polo tardío envío de información ós representantes dos estudantes, indicando que tiveron acceso á información con un prazo de solo 48 horas. O estudante Jorge Dacosta coincide en que hai algúns aspectos nos que a valoración dos informes de avaliación pode non corresponderse coa realidade. No obstante, engade que hai cuestións dos informes de avaliación que si deberían estudarse para mellorar a docencia e o funcionamento da Escola.

Intervén o profesor Luís Pena considerando que se debería alegar e indica que a nota dada pola ACSUG é totalmente errónea.

Continúa o profesor José París, indicando que o fondo é que o informe de acreditación é inxusto coa Escola. Que da unha imaxe moi mala da Escola que está moi separada da realidade e que isto ten repercusións máis alá da acreditación.

Acórdase incorporar os cambios recibidos ó informe de alegacións cos plans de mellora aprobados pola Comisión de Garantía de Calidade

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 12 de maio de 2016.

**Vº. Bº.**

**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**